



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MONFERO O DEZASEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (07/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas do día dezaseis de maio de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras, e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 25 de abril de 2025
- 2.- Dar conta do Informe da Secretaría-Intervención sobre o período medio de pagamento a provedores do 1º trimestre de 2025
- 3.- Dar conta do informe da Secretaría-Intervención sobre as obrigas trimestrais de subministración de información, execución orzamentaria e avance da liquidación correspondente ao 1º trimestre de 2025
- 4.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de abril de 2025
- 5.- Asuntos urxentes
- 6.- Rogos e preguntas

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que hai un pequeno erro na acta, que pon vinte e cinco de febreiro, e pregunta se se aproba coa dita corrección a devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. A Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que si e non se producen máis intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación da acta con esa corrección todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

sesión do día 25 de abril queda aprobada por unanimidade coa única corrección que, na cuarta liña, onde di “febreiro” debe dicir “abril”, e sen ningunha outra obxección. O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO 1º TRIMESTRE DE 2025

O informe da Intervención ao que se refire este punto da orde do día consta asinado dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/X999/000018, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025

Don Baldomero Beceiro Alonso, Secretario-Interventor do Concello de Monfero,

INFORMA

Que con data 25 de abril 2025 se comunicaron os datos relativos ao PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO GLOBAL do primeiro trimestre do exercicio 2025, de conformidade ao artigo 4.1 b) da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e de conformidade ao establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, pola que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos do réximes de financiamento, previsto na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, segundo os datos obtidos da contabilidade municipal e Rexistro de facturas do programa Sicalwin, que agás erro ou omisión involuntaria, indícanse deseguido:

PMP TRIMESTRAL

RATIO OPERACIÓNS PAGADAS	IMPORTE DE PAGAMENTOS REALIZADOS	RATIO OPERACIÓNS PENDENTES DE PAGAMENTO	IMPORTE DE PAGAMENTOS PENDENTES	PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO TRIMESTRAL
35,97	287.410,10	50,40	119.542,52	40,21

Infórmase de que o período medio de pagamento desta entidade correspondente ao 1º trimestre de 2025 supera o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pagamento a provedores, que actualmente é de 30 días, polas consecuencias que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

disto se derivan e para que se adopten as medidas necesarias que permitan a súa redución e volta a unha situación de cumprimento.

Segundo o artigo 13.6 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira:

“As Administracións Públicas deberán publicar o seu período medio de pagamento a provedores e dispoñer dun plan de tesourería que incluírá, polo menos, información relativa á previsión de pagamento a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade. As Administracións Públicas velarán pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesourería.

Cando o período medio de pagamento dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á mencionada publicación, como parte do devandito plan o seguinte:

- a) O importe dos recursos que vai dedicar mensualmente ao pagamento a provedores para poder reducir o seu período medio de pagamento ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.*
- b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobranzas e pagos, que lle permita xerar a tesourería necesaria para a redución do seu período medio de pago a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.”*

Monfero, 25 de abril de 2025.

O Secretario-Interventor
Baldomero Beceiro Alonso”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que o período medio de pagamento trimestral foi de 40,21 días, que se excede esta vez en dez días debido a un atraso nas certificacións de diversas obras. Non se producen intervencións e o Sr. Alcalde en funcións declara que o pleno toma coñecemento do dito informe.

3.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE AS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2025

O informe da Intervención ao que se refire este punto da orde do día consta asinado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/X999/000018, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE

O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEOSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025.

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante RDL 2/2004).

Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.

Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOEOSF).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2105/2012).

Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2082/2014).

Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria (en adiante RD 1463/2007).



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

I. ANTECEDENTES DE FEITO

A LOEOSF regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza no correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio leva ao lexislador a establecer no artigo 6 da LOEPSF, a obriga das Administracións Públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da devandita Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así coma a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

O desenvolvemento regulamentario ao que se refire o antedito artigo da LOEOSF, foi realizado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, e en concreto, as obrigas trimestrais de subministración de información, recóllense no seu artigo 16.

A Orde HAP/2082/2014 modificou a orde HAP/2105/2012, excluindo as corporacións locais de poboación non superior a 5.000 habitantes do cumprimento das obrigas as que se refire o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, no que se refire aos primeiros tres trimestres de cada ano, agás a información mencionada nos parágrafos 7 e 8 do indicado artigo 16, e dicir a actualización do plan de tesourería e o detalle das operacións de débeda viva, e a información relativa ao período medio de pago a provedores.

Os artigos 14 e 16 da Orde HAP/2105/2012, sobre obrigas mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da devandita orde; e a Orde HAP/2105/2012 entrou en vigor o 9 de novembro de 2014

O artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obriga de remisión e recepción de información *“Nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.”*

Por tódolos feitos e fundamentos de dereito descritos emítese o seguinte

INFORME

PRIMEIRO.- Cumprimento da obriga de remisión de información

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

De conformidade co regulado no artigo 4 da LOEOSF, e o desenvolvemento dela realizado pola Orde HAP/2105/2012, e en concreto co contido dos seus artigos 4 e 16, este Secretario-interventor cumpriu coa súa obriga de subministración da información trimestral correspondente ao primeiro trimestre de 2025 o 30 de abril de 2025, en tempo e forma. Remitiuse a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma telemática habilitada na “Oficina Virtual das Entidades Locais”, <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/Trimestrales/>.

O xustificante do envío realizado consta no expediente

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.

Tras subministrar a información requirida, correspondente ao primeiro trimestre de 2025, esta Intervención, por aplicación do principio xeral do artigo 207 do RDL 2/2004, de acordo co artigo 16.2 do RD 1463/2007 e segundo os formularios, que dispoñen que o Pleno da Corporación deberá ter coñecemento do informe de avaliación, elabora o presente informe, que resume os cálculos, previsións e información subministradas, que serán oportunamente explicados con máis detalle de ser necesario, para dar conta del ao Pleno da Corporación.

O capítulo IV da LOEOSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio, podería impoñer ás entidades locais cando se apreciase un risco de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orzamentarias futuras que iso xeraría.

Por todo isto, dáse traslado do presente informe á Alcaldía, para que proceda a súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Baseamento das estimacións realizadas.

A actual situación de prórroga do orzamento do 2023 para o actual exercicio de 2025 fai imposible calcular cun mínimo de rigor as estimacións para exercicios posteriores a través de porcentaxes sobre créditos iniciais ou definitivos.

Para efectuar as previsións en materia de ingresos do exercicio corrente, as estimacións de RDs dos capítulos (Cs) 1, 2 e 3 son o resultado de incrementar nun 2% a media dos RDs que estes mesmos Cs tiveron entre 2022 e 2024. No C 4, a estimación faise coa media dos DRS dos anos 2022 a 2024 descontando deles o último Obradoiro de emprego que xestionou o Concello e, no 2024, os ingresos correspondentes á amortización de débeda financiada pola Deputación, e incrementando o resultado nun 3% e ademais engadíndolle o importe previsto da subvención do POS+ Ad3/2025 para

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

amortización de débeda. Nos C 5, C 8 e C 9 non se prevén ingresos. No C 7, a previsión é de que, se executen e se perciban os ingresos do 100% das obras adxudicadas, ou propostas para adxudicación, pendentes de realizar: o POS+ Ad 2B/2023, POS+ 2024, POS+ Ad 2A/2024, estimadas en 320.919,83€, e a anualidade prevista para o 2025 do PMCTM Agader 2024-2054. E o 50% correspondente ás obras do POS+ Ad 2A/2024, 77.017,76€, POS+ 2025, estimadas en 450.197.48€, a anualidade prevista para o 2025 do PMCTM Agader 2025-2026, estimada en 42.000,00€, a subministración de investimento prevista no POS+ Ad1/2025 para gastos sociais extraordinarios, estimada en 4.365,00€, e as do FCA de 2025, estimadas en 32.755,80€, que aínda non foron adxudicadas, e algunhas nin concedidas. Canto aos exercicios pechados, contémplanse só os realizados ata a data.

Canto aos gastos do exercicio corrente, os ADOs do C1 estímanse descontando ás medias dos ADOs de 2022 a 2024 deste C os gastos do obradoiro de emprego e os financiados con RTGX, aplicándolle ao resultado un incremento do 3% e engadíndolle un 80% (porcentaxe de execución estimada) dos gastos deste C financiados con RTGX e desviacións de financiamento positivas incorporados no expediente de modificación de créditos por incorporación de remanentes núm. 4/2025. Os do C2, descontando tamén os do obradoiro de emprego e os que se estiman financiados co RTGX (50% no 2024) atípicos ou que se considera que non se van volver realizar no 2025, aplicándolle á media do 2022-2024 un incremento do 2% e engadíndolle tamén o 80% dos créditos incorporados neste C no expediente de modificación de créditos núm. 4/2025. No C 3, a previsión é aplicarlle a media de ADOs 2022-2024 un incremento do 2%. No C 4 a estimación de ADOs é do mesmo importe que os do 2024 descontando os que se estima que se financiaron co RTGX (50% do total) e engadíndolle tamén o 80% dos créditos incorporados neste C no expediente de modificación de créditos núm. 4/2025. No C 6, coma nos ingresos por transferencias de capital que os financian, se é o caso, a estimación é de que se executen e se recoñezan as obrigas correspondentes ao 100% das obras adxudicadas, ou nas que se propuxo a adxudicación, pendentes de realizar: POS+ Ad 2B/2023, do POS+ 2024, do POS+ Ad 2A/2024, estimadas en 320.919,83€, e a anualidade de 2025 do Agader 2024-2025, por importe de 44.344,08. E o 50% das obras do POS+ Ad 2A/2024, POS+ 2025, estimadas en 463.906,02€, a anualidade prevista para o 2025 do PMCTM Agader 2025-2026, estimada en 51.230,19€, a subministración de investimento prevista no POS+ Ad1/2025 para gastos sociais extraordinarios, estimada en 4.365,00€, e as do FCA de 2025, estimadas en 32.755,80€, que aínda non foron adxudicadas, algunhas nin concedidas. No C7 a estimación de ADOs é do mesmo importe que estes tiveron no 2023 e no C9 a anualidade do POS+ Adicional 3/2025 para amortización de débeda. Canto aos exercicios pechados, non se realizou ningún pagamento ata a data.

Os axustes para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao remate do 2025, estímanse pola media, na liquidación dos exercicio 2022 a 2024, dos pagamentos pendentes de aplicación.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

CUARTO.- Contido da información

A información correspondente ao primeiro trimestre do 2025, reflíctese nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais para dar cumprimento á obriga de remisión de acordo co que sinala o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, para concellos de menos de 5000 habitantes, e incorpórase cumprimentando os formularios correspondentes a través da Oficina Virtual.

Ditos formularios relaciónanse deseguido:

1. Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades

Datos orzamentarios

Calendario e orzamento de tesourería

Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre

Perfil do vencemento da débeda nos próximos 10 anos

3. Informe de Avaliación grupo Administracións Públicas

3.1 Validación datos informe avaliación

3.4 Informe do nivel de débeda viva ao final do período actualizado

4. Peche do informe de avaliación e sinatura

O resumo da información e previsións subministradas, é o seguinte:

CONCEPTOS		Acumulado exercicio
Fondos líquidos ao inicio do exercicio		748,515,62
Cobros orzamentarios	Exercicio corrente	3.070.958,34
	Exercicios pechados	3.454,65
Cobros non orzamentarios		120.000.00
Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		0
Pagamentos orzamentarios	Exercicio corrente	3.055.556,05
	Exercicios pechados	0

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Pagamentos non orzamentarios	130.000,00
Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	0
Fondos líquidos ao rematar o exercicio	757.372,56

Débeda viva prevista final exercicio	
Débeda viva final período segundo o Protocolo de déficit excesivo (PDE) (que exclúe a que está en poder doutras administracións)	0,00
Para os efectos do réxime de autorizacións (inclúe con AAPP, Deputación...)	575.840,91

Resultado avaliación estabilidade orzamentaria ao remate de 2025	
Diferenza entre ingresos e gastos non financeiros	153.160,70
Axustes	-14.262,10
Previsión: Capacidade de financiamento	138.898,60

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

Monfero, na data da sinatura dixital

O Secretario-interventor
Baldomero Beceiro Alonso"

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se teñen todos o informe, se queren que o lea. A Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que pola súa parte non é necesario. Xa que logo o Sr. Alcalde en funcións declara que o pleno toma coñecemento do devandito informe.

4.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE ABRIL DE 2025

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de abril de 2025, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA MES DE ABRIL DE 2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00109/2025	INCREMENTOS E ALTA DO SAF. MODALIDADE DEPENDENCIA. ABRIL 2025	2025-04-01 13:09:00
00110/2025	REDE CULTURAL 2025	2025-04-01 13:08:00
00111/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 02-04-2025 (13/2025)	2025-04-01 14:43:00
00112/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-04-01 15:57:00
00113/2025	MOVEMENTO POBOACIONAL 1ºT/2025	2025-04-02 12:30:00
00114/2025	LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2024	2025-04-02 20:42:00
00115/2025	EXPDTE. M.C 04/2025 I.R	2025-04-07 15:09:00
00116/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2025-04-08 13:36:00
00117/2025	DECRETO 1ª ACT LISTA AGARDA SERVIZO PRÉSTAMOS AXUDAS TÉCNICAS	2025-04-08 13:36:00
00118/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 09-04-2025 (14/2025)	2025-04-08 14:24:00
00119/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-04-10 10:25:00
00120/2025	SOLICITUDE SUBVENCION XUNTA APROL 2025	2025-04-10 13:50:00
00121/2025	MODELO 111 1ºT/2025	2025-04-10 13:51:00
00122/2025	ACTIVACIÓN CONTRATO FIXO DESCONTINUO TECNICO TURISMO SEM SANTA	2025-04-10 13:53:00
00123/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-04-11 14:03:00
00124/2025	PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS	2025-04-11 14:03:00
00125/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-04-14 13:00:00
00126/2025	SOLICITUDE AXUDA FONDO ADICIONAL FCL MELLORA EFICIENCIA ENERXETICA	2025-04-14 14:42:00
00127/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 16-04-2025 (15/2025)	2025-04-15 13:49:00
00128/2025	CESE FUNCIONARIO INTERINO CONSERXE POR RENUNCIA	2025-04-15 13:58:00
00129/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-04-21 13:58:00
00130/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 25-04-2025 (06/2025)	2025-04-22 14:07:00
00131/2025	RELACIÓN FACTURAS 020DOISUFE/2025	2025-04-22 14:52:00
00132/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 23-04-2025 (16/2025)	2025-04-22 15:27:00
00133/2025	13ª ACT LISTA AGARDA SAF LC	2025-04-23 12:41:00
00134/2025	ADMISIÓN PROVISIONAL CANDIDATOS PEL 2025	2025-04-23 12:41:00
00135/2025	ADMISIÓN PROVISIONAL CANDIDATOS BOLSA TÉCNICO TURISMO 2025	2025-04-24 13:47:00
00136/2025	EXPEDIENTE DE MATRIMONIO CIVIL 01/2025	2025-04-24 22:01:00
00137/2025	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2025-04-25 11:04:00
00138/2025	NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO CONSERXE POR RENUNCIA	2025-04-25 12:34:00
00139/2025	EMENDA SOLICITUDE FONDO ADICIONAL FCL MELLORA EFICIENCIA ENERXETICA	2025-04-25 18:05:00
00140/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 30-04-2025 (17/2025)	2025-04-29 14:38:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00141/2025	RELACIÓN FACTURAS 021DRRSU/2025	2025-04-30 11:20:00
00142/2025	NÓMINA 04/2025	2025-04-30 11:23:00
00143/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-04-30 11:23:00
00144/2025	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 04/2025	2025-04-30 16:00:00
00145/2025	ACTUALIZACIÓN LISTAXE CANDIDATOS CONSERXE	2025-04-30 14:10:00

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se teñen o extracto das resolucións, se hai algunha intervención. Non se produce ningunha. Declara entón o Sr. Alcalde en funcións que o pleno toma coñecemento e da paso ao punto seguinte.

5.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non se produciu ningún asunto urxente e ninguén solicita a palabra para intervir.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño.

Comeza falando da taxa que se fixo no Regueiro, no Val de Xestoso. Di que aquilo está tremendo de perigoso. Avisa unhas fotografías no teléfono móbil para que saiban da que está a falar e como está aquilo. Pregunta o Sr. Alcalde en funcións se se refire á que se fixo nova cara á casa de Toñito e ela respóndelle que si. Continúa a Sra. Concelleira dicindo que aquilo lles parece unha chapuza á parte do perigo que presenta para a xente que quere ir por alí, que incluso os veciños xa a pintaron de vermello e puxeron un cono ao lado para que ninguén se esnafre contra ela. O Sr. Alcalde en función comenta que non lle dixeron nada, que estivo alí cando rematou a obra coa empresa, pero que falará coa empresa para que o corrixa. Continúa a Sra. Concelleira indicando que iso non pode ir alí, que terá que ir a unha distancia para que se poida circular por alí sen problema ningún.

A continuación fala da pista da Abeleira. Indica que xa faláron dela, di que cre que no pleno de febreiro, cando se estaba para amañar e, agora que xa está amañada, que xa choveu, teñen que volver a falar dela porque alí, unha vez que chove, anégase todo, éntalles a auga aos veciños no pallar, na casa, en todos lados e, vendo como quedou aquilo, que xa dixeron no seu día que era unha chapuza, pregunta cal é a solución que se lles vai dar aos veciños para solucionar ese problema que teñen coa auga. Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do PSOE, D. José Grueiro Torrado, e o Sr. Alcalde en funcións lle di que espere, que deixe continuar a Sra. Concelleira. Esta engade que o seu grupo sempre defendeu que, cando se fan as obras hainas que facer para mellorar o que temos porque se se fan para empeorar é mellor estarmos quietos, non gastar o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

diñeiro e quedarnos como estábamos, dicirllles aos veciños que non se van facer porque despois resultan peor. Que os veciños terán que ter unha solución a este problema que hai agora cando chove. Que lles gustaría escoitar por parte do Goberno que se lles vai a dar unha solución. O Sr. Alcalde en funcións concédelle agora a palabra ao D. José Grueiro, quen pregunta se fala da taxea do Curro. Tanto a Sra. Voceira como o Sr. Concelleiro do PP, D. Ángel Filgueiras Grueiro, manifestan, case simultaneamente, que non falan de taxea ningunha, engadindo a primeira que falan do amaño. Prosegue D. José Grueiro e di que alí, na taxea, antigamente ía un cano que regaba un prado ou un monte por alí adiante e recollían a auga desa taxea pero agora esa xente... ninguén quere a auga para dentro e entón a auga pasa a taxea e irá pola estrada abaixo, que o señor que vive alí, ou calquera, ten que facer un cano para recoller a auga, que (o Concello) non se pode meter polo privado. Pregunta se non é verdade. A Sra. Concelleira respóndelle que, como comprenderá, non sabe os problemas... Interrómpea D. José Grueiro e replícalle que o sabe el. Termina a frase a Sra. Concelleira ...que teñen os veciños en todas as casas de Monfero, que o que si que saben é que se amaño a pista e agora a auga baixa e se mete na palleira, na cuadra e onde haxa... D. José Grueiro concorda en que se vai meter nas casas alí abaixo porque vai por alí. Continúa a Sra. Concelleira dicindo que os veciños o que piden e que alguén, que o grupo de Goberno se implique en solucionar ese problema. D. José Grueiro lle pide que o escoite que lle deixe falar agora a el e a Sra. Concelleira continúa dicindo que ese é o problema que traen hoxe ao pleno que non hai máis. D. José Grueiro pregunta retoricamente que o señor que ten por alí adiante o terreo por que non lle fai un cano para recoller a auga por alí adiante? que o que pasa é que a xente non quere a auga e despois veñen aquí reclamar a xente que non queren a auga pero a auga vai vir, que é a verdade, é a pura verdade en todos os sitios, que non lle dea a cabeza (a Sra. Concelleira) que é a verdade. A Sra. Concelleira contéstalle que non, que ao final estáselle botando a culpa aos veciños. D. José Grueiro replícalle que alí a teñen, que teñen que recoller a auga, que a auga vai para abaixo, pregunta se corre para arriba a auga, que que lle van a facer alí, que se a vai beber el, que no, que Ánxel ben sabe como é alí. Falan a un tempo, interrompéndose. A Sra. Voceira do Grupo Popular dille que se lle está botando a culpa aos veciños dos problemas... que é sorprendente que se poña así o Sr. Concelleiro do PSOE. Pide a palabra para intervir D. Ángel Filgueiras e manifesta que alí mandáronlle a empresa facer a estrada ao revés e non fixeron caso. D. José Grueiro di que el esas cousas non sabe, que a el non lle dixeron nada. D. Ángel Filgueiras indica agora que hai que mirar unha solución que iso hai que miralo. Falan agora a un tempo D. José Grueiro, D. Ángel Filgueiras, D.^a M.^a Belén Salido e D. José Tojeiro Mosquera, sen que resulte posible transcribir con xeito o que din. O Sr. Alcalde en funcións pide por favor que haxa unha orde nas intervencións, que se levante a man e se pida a palabra para falar. Pide a palabra o Sr. Secretario e manifesta que isto non se pode recoller na acta así, que é imposible falando tres a un tempo. O Sr. Alcalde en funcións insiste en que ten que haber unha orde nas intervencións, que levanten a man para falar e lles da a palabra. O Sr. Secretario continúa dicindo que coa gravación se pode dar unha redacción a unha pregunta cunha resposta pero non a un diálogo, tres persoas, que é imposible. A Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que cre que queda bastante claro o que traen, o que queren expoñer no pleno e que o que piden é unha solución para os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

veciños, simplemente. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que vai falar coa empresa, de paso que fala sobre a taxea do Regueiro, para buscar unha solución coa empresa e cos veciños, a mellor posible. Pide agora a palabra o Sr. Concelleiro do PSOE, D. Ramón Grueiro Martínez, e manifesta que a culpa de aquilo da Abeleira a tiveron eles cando estiveron gobernando. Dille a Sra. Concelleira que non se ría. Continúa manifestando que lle foron poñer unha taxea, que está alí para ver, fronte ao camiño que baixa cara ás casas, que non se lle ocorre nin ao que asou a manteiga no espeto, que a taxea había que poñela catro ou cinco metros máis para aquí e entón a auga non iría polos currais abaixo. Que aquilo foi velo persoalmente cando a Sra. Concelleira falou aquí de que estaba mal limpo todo aquilo. A Sra. Concelleira replícalle que xa tiñan coñecemento. Contéstalle D. Ramón Grueiro que bueno, e continúa dicindo que o foi ver e, cando veu aquela taxea alí, fronte a casa de José Luís, e por alí abaixo aqueles currais... que aquilo foi posto cando estaban gobernando eles. Insiste en que poñer aquela taxea alí non se lle ocorre a ninguén porque xa se ve que vai ir polos currais abaixo. Intervén agora D. José Grueiro e di que agora está posta e que os veciños teñen que tentar de quitar a auga para adiante e non que vaia pola estraba abaixo. O Sr. Alcalde en funcións pídelles a D. José Grueiro que pida a palabra para intervir. Agora pide a palabra a Sra. Voceira do Grupo Popular e contesta que iso non é desculpa para dicir aquí hoxe, de que esa taxea se fixo hai quince anos, iso non é desculpa porque cando se amaña a pista de novo, se hai algún problema ou se hai algo que non quedou ben, haino que amañar, fixérao quen o fixera, por que entón para que se está gastando o diñeiro, que é o que preguntan hoxe aquí, para que se gasta o diñeiro en Monfero? D. Ramón Grueiro manifesta que a solución que ten aquilo é trancar a taxea e facerlle unha cuneta pola parte de enriba, como están facendo en moitos sitios por aí, facerlle unha cuneta de formigón e sacarlle a auga un pouco máis adiante e entón a auga pode ir máis cara aquí, ao Cal, e xa irá para onde lle dea a gana, que é a solución que ten, que non ten outra, que non lle dea máis voltas. D.^a M.^a Belén Salido replícalle que non están buscando eles a solución, que quen teñen que buscar a solución son os gobernantes, que foron os que ordenaron de facer a obra e os que deberían de ir alí, revisala e ver como quedou, que son os que están a gobernar. Despois de intentar falar, D. Ramón Grueiro pídelles a Sra. Concelleira que o deixe falar, di que a taxea está posta alí de antes e pregunta que que lle ían facer. D. José Tojeiro contéstalle que o que está dicindo agora. D. Ramón Grueiro di que é a solución e D.^a M.^a Belén Salido e D. José Tojeiro pregúntanlle simultaneamente que por que non o fixeron. D. Ramón Grueiro contesta que porque non se ordenou, pero que están a tempo de facelo aínda. A Sra. Concelleira replícalle que se están a tempo que o fagan e alivien aos veciños dese problema. D. Ramón Grueiro pídelles que o deixe falar e di que en tanto que fagan a cuneta e traian a auga máis cara ao Cal, Ánxel e mais Daniel e todos eses van poñer pegas porque lles vai vir a auga para o lado das casas, que el ve iso así pero que por facer a cuneta non hai problema, que a iso comprométese el. O Sr. Alcalde en funcións expresa que a obra está en garantía, que se se pode arranxar o problema coa garantía, arránxase sen problema como estamos falando, que se a empresa di que non é cousa de que estea mal feita a obra, da garantía, pois haberá que buscarlle financiamento por outro lado e arranxala de acordo con todas as partes, que é a única solución que ve. A Sra. Voceira do Grupo Popular indica que están de acordo. O Sr. Alcalde en funcións

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

sinala que ao mellor arránxase para eses prexudicados e... A Sra. Voceira do Grupo Popular interrómpeo e apunta que hai que mirar de que non se prexudique a ninguén. O. Sr. Alcalde en funcións contéstalle que ás veces contentar a todos é difícil, que se arranxa para uns prexudicados e ao mellor prexudícase a outros. A Sra. Voceira do Grupo Popular engade que hai que mirar a opción que sexa mellor... O. Sr. Alcalde en funcións insiste en que, de paso que se vai amañar o tema do Regueiro, falará deste tema coa empresa e, se entra na garantía, que vaia de acordo coa garantía, e senón se pode, mirar de buscar unha solución con outro financiamento. Insiste agora D. Ramón Grueiro en que agora a solución é anular a taxea, que se queren a van a ver cando queiran.

Pide a palabra de novo a Sra. Voceira do Grupo Popular para continuar con outro rogo ao Grupo de Goberno. Expón que se trata do amaño da rede da pista polideportiva de Taboada que, co vento que fixo este inverno, está totalmente descolgada cara atrás e presenta un perigo se vai alí algún neno a xogar. O. Sr. Alcalde en funcións respóndelle que están encargados os traballos desde hai un mes pero que de momento aínda no os fixeron.

Despois expón que desde o Grupo Popular, concretamente ela, pediu un proxecto no Concello que non se lles enviou. Unha memoria por unha subvención do Fondo de Cooperación Local de eficiencia enerxética para o colexio, piscina e centro de saúde, e que querían saber por que non se lles entregou esa copia. O. Sr. Alcalde en funcións respóndelle que non se lle entregou porque aínda o pediu onte pero que se lle vai entregar, que hai uns días para entregárllelo, que non hai problema ningún, que ata agora todo o que pediu sempre se lle entregou. A Sra. Voceira do Grupo Popular admíteo e engade que, como había un decreto que falaba diso, o pediron polo Pleno de hoxe. O. Sr. Alcalde en funcións contéstalle que o vai a ter. Insiste na súa exposición a Sra. Concelleira.

Deseguido di que escoitaron rumores e hoxe traen esta pregunta ao Pleno porque non saben o que teñen de certo, de que na zona da Piladaleña se vai facer un parquin de caravanas e non saben se teñen constancia e se lles poden informar acerca dese asunto. O. Sr. Alcalde en funcións informa de que non é un parquin de caravanas, que sería un megacamping, por dicilo así. Un proxecto bastante ambicioso, que cre que necesitaría de licenzas supramunicipais. Que o proxecto fala dun montón de bungalows, que agora mesmo non recorda cantos son, pero que ao mellor cincuenta ou sesenta, pistas de tenis, pistas de baloncesto, piscina, cafetería, supermercado e ata un pequeno heliporto. Que é un megacamping, non é unha pista de caravanas. Que é un Sr. que foi de Monfero, que ten ese proxecto en mente e veu (ao Concello) varias veces pero que, pola idade que ten, non o quere executar el, quere vender a idea. Que de momento reuniuse con eles tres veces e quería saber un pouco como tería que facer cos trámites das licenzas. Que, de feito, na Piladaleña estivo mercando parcelas para agrupalas todas e agora estará un pouco a expensas dos permisos correspondentes de patrimonio, de todo... porque alí hai moita roca e moita pena e quere facer pistas polo medio das rocas. Que máis ou menos veu informarse, que cre que con Andrés estivera unha vez e con el (Alcalde en funcións) xa estivo dúas. Que o proxecto, que de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

momento non é proxecto, de momento é un anteprojecto, un borrador, unha idea. A Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que é unha idea e pregúntalle se presentou algo. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que veu falar con el e veu falar co Arquitecto un par de veces. Insiste en que o que quere e vender a idea, que coa idade que ten non sería capaz de levala a cabo. D. José Tojeiro pregunta se iso sería inviable sen o plan. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que sería viable en principio ata onde el sabe polo que lle dixo o Arquitecto porque é unha infraestrutura turística, pero que cre que se lle escapa ao Concello un pouco a licenza pola dimensión. Conclúe a Sra. concelleira que traen esta pregunta porque lles comentaron que se estaban levando a cabo tarefas de desbroce na zona, que hai alí tractores desbrozando, e por iso o querían preguntar. Concorde o Sr. Alcalde en funcións e engade que de momento a idea que ten o Sr. é levalo a cabo pero que non sabe se despois o levará ou non.

Agora, a Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que o Grupo de Goberno asinou unha adhesión ao plan contra incendios de Medio Rural haberá dous anos ou así, que non lembra ben cando foi, e agora saben que hai un prazo para executar os traballos, que remata agora a finais de maio... Que os concellos, unha vez que asinan ese plan, teñen unha responsabilidade, e entón lles gustaría saber que traballos se fixeron en Monfero para previr todo o tema de incendios, se é que levaron algo a cabo. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que cre que (a sinatura) foi hai tres anos, que en Monfero houbo revisión das faixas secundarias en outubro pero que non lles parecía a época correspondente mellor para que os veciños levaran a cabo o desbroce e que despois teñen a desvantaxe de, moitos concellos tamén se queixaron diso, do volume das notificacións, que o Concello non ten esa capacidade de traballo para enviar tantas ou para asinar tantas dunha vez porque iso colapsa o sistema e, de momento, volveuse a renovar o convenio polo que sabe, que non sabe se volven a revisar ou xa valen as revisións que fixeron en outubro. A Sra. Concelleira apunta que esas revisións xa valen. O Sr. Alcalde en funcións continúa, dicindo que a ver se botan unha man no prazo de notificacións e correos e enviaranse. Di a Sra. Concelleira que preguntan porque unha vez que están adheridos ao plan a responsabilidade. O Sr. Alcalde en funcións engade que son case todas parcelas privadas, todas menos dúas ou tres, que unha que é do Concello e unha é da Xunta e outra do Arzobispado e despois que hai un montón delas, igual máis do 200 ou 300, que non teñen propietario coñecido. Conclúe a Sra. Concelleira que, para evitar calquera percance, como ven a época agora máis seca e tal e Monfero é unha zona onde sole haber algún que outro incendio, para evitar todo iso ao longo do verán, por iso lles gustaba preguntar.

Neste intre pregunta a Sra. Voceira do Grupo Popular cando van a solucionar o problema que hai no Centro de saúde, porque seguen con el. Que saben que as vacinas non están no Centro de saúde agora mesmo que as están desviando ao Centro de Saúde de Pontedeume e que cre que o persoal está bastante farto desta situación e que lles parece grave que a día de hoxe, despois de aprobaren a moción no Pleno de marzo, que aínda non se tomara unha decisión con este tema. Pregunta se non hai diñeiro no Concello para levar a cabo unha obra xa, porque é unha urxencia. O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle se rematou, esta respóndelle que si e el contéstalle que, unha vez que se aprobou a moción, que foi a mediados de marzo, se puxo en

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

contacto tanto coa empresa de mantemento, con Cruceiro, como cunha enxeñería eléctrica, e acordaron, por un lado, que é o que viña recollido na subvención, cambiar toda a instalación eléctrica porque os enxeñeiros cren que é debido a que a instalación é moi antiga, e van a cambiar toda a instalación eléctrica e poñer tamén a led, con cargo a unha subvención do Fondo de Cooperación Local, pero que isto ata outubro non cre que estea. E, por outro lado, que chegaron á conclusión, tanto eles como os enxeñeiros como o electricista, que a solución máis rápida é poñer o que se lle chama un sistema de alimentación ininterrompida, un SAI, que ven sendo unha batería. Que lle pediu á empresa que puxera un que aguantara das neveras, dos frigoríficos tres ou catro días, por se se vai o venres pola mañá ou o venres ao mediodía, que aguante toda a fin de semana. Que ten que ser bastante grande, unha batería que aguante os frigoríficos e, de momento, xa o teñen pedido, pero, de momento, aínda non llo subministraron, que é o que lle di Cruceiro. Que espera que no mes que entra estea xa instalado. Que, curiosamente, onte estiveron con el no Centro Médico persoal do SERGAS e tamén lle dixerón iso, que hai que telo posto antes de setembro, que senón as vacinas da gripe e todo iso que non ían a poder funcionar, pero que el cre que, para o mes, ten que estar instalado. Que a maiores diso tamén se vai poñer un diferencial rearmable, que se rearma tres veces só cando se vai a luz. Que espera que no mes de xuño estea xa o SAI que ilumina instalado, que lle dixo Cruceiro que agora teñen problemas de subministración porque cre que ten que ser bastante grande porque ten que aguantar dos frigoríficos tres ou catro días. Que é unha solución que cre que é satisfactoria para todos. Que a batería está conectada ao frigorífico e cando detecta unha baixada de tensión entra automaticamente. Que lle da a razón (á Concelleira) en que hai demora no prazo de instalación, que podía estar xa instalado o mes pasado, pero que lle di Cruceiro que non llo dan subministrado de momento, que cre que para xuño xa ten que estar instalado. Que esa foi a solución que tomaron e que aos do SERGAS pareceulles ben, que estivo onte alí con eles e quedaron todos nesa solución e, como dixo, a maiores, en outubro ou novembro, cando veña a subvención aprobada, vaise a cambiar toda a instalación eléctrica e máis poñelo a led o Centro de saúde. Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Popular e manifesta que o tema da subvención parécelles bastante tarde como para solucionar un problema que ten que ser xa. Manifesta o Sr. Alcalde en funcións que perderon aí unha oportunidade, que de feito quixeron meter o SAI na subvención, pero que dixo o enxeñeiro que non entraba porque, como sabe (a Sra. Concelleira) só era para eficiencia enerxética e o SAI como que non entra nesa liña, e concorda en que si que é tarde pero que viron unha oportunidade de financiamento boa para cambiar a instalación eléctrica. Que de todos modos, co sistema de alimentación ininterrompida, vai estar solucionado o problema dos cortes, polo menos para que manteñan o frío os frigoríficos. Fala agora a Sra. Voceira do Grupo Popular do tema das telecomunicacións. Di que non sabe se llo comentaron (ao Sr. Alcalde en funcións) e manifesta que a eles lles comentaban que, de paso que se mete a instalación eléctrica, que se aproveite e meter xa todo o tema de telecomunicacións para que non haxa problemas con internet, que tamén. Indica o Sr. Alcalde en funcións que non lle comentaron nada e estiveron alí cando fixeron o proxecto e pregunta se tamén hai problemas de internet alí. A Sra. Concelleira respóndelle que si e que é algo prioritario facer a obra que hai que facer dos baños e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

do cuarto de sucio que queren facer, que primeiro hai que facer a obra e despois xa meter todo. Pregunta se se vai a meter a instalación eléctrica e despois facer a obra e despois volver a tocar a instalación eléctrica, e engade que ela non entende moito desas historias pero que non o ve, que o ideal sería levar a cabo a modificación dos baños, porque iso tamén é algo urxente porque no baño non entra unha cadeira de rodas, aínda que se lle queira empurrar, porque tal e como están colocadas as portas é inviable. Que cre que sería boa cousa facer primeiro a obra e despois meter toda a instalación para non volver a andar despois cos cables, pero que o primeiro é solucionar o tema dos apagóns para que as vacinas volvan para o Centro de Saúde, que non ten xeito que unha persoa teña que ir a Pontedeume a vacinarse, que hai que poñer o sistema canto antes. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que xa a entende pero que están pendentes de que veña o financiamento, que non sabe cando van saír, nin unha nin a outra, que se pode mirar (de facelo así) e que (o dos cortes) vai quedar solucionado, que a ver se lles serven o sistema ese canto antes.

Manifesta agora a Sra. Voceira do Grupo Popular que pola súa parte nada máis.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e, ao non haber máis asuntos que tratar, da as grazas a todas as persoas asistentes e levanta a sesión, ás dezanove horas e vinte e seis minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor